

CONTIDOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CULTURA CLÁSICA DE 3º ESO.

1. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBEIS:

1.- O alumno adquirirá, polo menos, 75 palabras en galego novas de léxico relacionado cos temas que se traten.

2.- Saberá desenvolver a evolución das palabras latinas ao galego, considerando as regras de evolución dadas.

3.- Entenderá o significado de 6 prefixos latinos e 6 gregos e saberá formar palabras con eles. Coñecerá e utilizará as expresións e locuciones latinas que perviviron en galego.

4.- Coñecerá claramente o mapa lingüístico das linguas europeas e a súa interrelación.

5.- Saberá os mitos máis representativos do mundo grecorromano, polo menos os deuses e heroes principais e a súa repercusión na civilización occidental e na súa contorna.

6.- Será capaz de recoñecer os elementos máis destacados do legado dos clásicos nos diferentes campos artísticos.

7.- Coñecerá o marco histórico e xeográfico de Grecia e Roma.

8.- Comparará as sociedades do mundo antigo e o actual, establecendo os seus valores.

9.- Coñecerá as manifestacións literarias máis destacadas do mundo grecorromano, así como o nome dos autores máis representativos.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

- Actitudes en clase respecto dos demais alumnos e ao profesor.
- Orde e corrección nos apuntamentos e nos exercicios.
- Traballo en casa.
- Colaboración no correcto desenvolvemento da clase.

Estes apartados, en caso de ser avaliados positivamente, suporán un 30% da nota de cada avaliación.

- Probas escritas que consistirán nunha serie de preguntas sobre cada un dos apartados tratados na avaliación: coñecemento de mitos clásicos, civilización clásica, legado, literatura, pervivencia das linguas.

Suporá o 70% da nota.

Respecto das cualificacións debemos precisar:

As cualificacións que se reflectan nas avaliacións outorgaranse con números enteiros. Cando a media obtida conteña decimais, consideraranse até as centésimas, de tal modo que se redondearán á baixa as cualificacións con decimais inferiores a 45 centésimas e á alza as restantes. Así, p. ex., unha cualificación de 6,38 redondearase a 6, unha de 6,52 a 7, unha de 6,44 a 6 e unha de 6,45 a 7.

A nota final que cada alumno obteña será a media das cualificacións obtidas en cada avaliación.

Caso de ser negativa esa nota final realizarase unha proba global obrigatoria antes da avaliación final, co fin de ofrecer unha posibilidade de recuperar a materia. Dita proba versará sobre todos os aspectos da materia explicados até o momento. Se o alumno non alcanza nesta proba a cualificación mínima de 4,45 cualificaráselle negativamente coa cualificación final obtida no curso. Caso de superar a dicir proba (4,45 ou máis), a cualificación final será a media resultante da cualificación obtida na proba e 5.

A esta proba final poderán presentarse voluntariamente a subir nota alumnos con avaliación positiva. Caso de que a nota obtida nesta proba fose inferior á media positiva xa alcanzada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global; no caso de obter unha cualificación superior, a cualificación final será a media resultante da cualificación positiva xa obtida no curso e a cualificación obtida na proba.

Penalizarase a cada alumnos con 0,1 puntos por cada falta ortográfica nos traballos escritos.